

POESÍA LÍRICA GREGA ARCAICA

Unha escolma

Servando Lois

Extraída e adaptada de:

FERRATÉ, Juan (1991): *Líricos griegos arcaicos*. Sirmio. Biblioteca Menor, 5. Barcelona.

Tirteo.....	3
Mimnermo.....	4
Solón.....	4
Arquíloco.....	4
Semónides.....	6
Simónides.....	9
Safo.....	10
Alceo.....	12
Anacreonte.....	13



Apolo coa súa lira. [por:Fingalo]

TIRTEO

É admirable ter morto, cando caeu na vangarda

un home valente pelexando en ben da patria.

Pero deixar a propia cidade e os seus campos fecundos
e andar a mendigar é o máis doloroso de todo,
vagando sen fin coa nai querida e o pai xa vello
e a esposa lexítima e os fillos pequenos.

Porque lles vai ser ingrato, a aqueles a quen acuda
vencido pola penuria e a fame execrable,
e avergoña á súa estirpe e aldraxa a súa fermosa figura
e toda sorte de agravios e penas o seguen.

Daquela, se ninguén lles garda atención nin respecto ningún
aos vagabundos, nin aínda á súa estirpe futura,
loitemos con ánimo todos por esta terra, e morramos
polos nosos fillos, sen reparar na vida.

Mozos, veña, loitade con firmeza, ombro con ombro,

non empecemos a infame fuxida nin o medo,
facede, no voso peito, o ánimo grande e robusto,
non pensedes na vida ao pelexardes na fronte;
e aos vosos maiores, que xa non teñen lixeiros os xeonllos,
non fuxades deixándoos atrás, aos vellos.

Pois é unha vergonza que xaza , caído na vangarda, un guerreiro,
sendo un home maior, diante de mozos,
quen xa branco o cabelo e a barba chea de canas,
está a exhalar a súa alma valente no po,
e ten no seu puño suxeitas as partes, bañadas en sangue
-dan vergonza aos ollos, e é malo de ver-,
e núas as carnes. Mais todo a un mozo lle cadra
en tanto conserva a flor da xuventude.

Os homes están encantados de velo e quéreno ben as mulleres,
mentres aínda vive, e admíranos, se cae en vangarda.

Veña! Tédevos firmes! abride ben as pernas, cravade no chan
ámbolos pés, e mordede cos dentes o labio.

MIMNERMO

O mesmo que un soño, dura un tempo moi breve
a xuventude preciosa; e a triste e deforme vellez
pende enseguida enriba da nosa cabeza,
hostil á vez e canalla, que cambia a face dos homes
e, abrazándoos, dana a súa vista e a súa mente.

SOLÓN

Cando cumpre os sete, perde o tenro rapaz
os primeiros dentes que botou sendo un meniño.
E cando un deus lle completa por fin os segundos sete anos,
a puberdade crecente xa empeza a mostrarse.
E ao setenio terceiro, espigándose aínda, cóbreselle
de peluxe o queixo e cambia a flor da pel.
E ao cuarto setenio é cando ten a forza máis grande,

entre os homes seguro sinal do valor.

E o quinto é o momento en que o home debese pensar en casar
e procurar obter descendencia de fillos.

E ao sexto madura a mente do home en todas as cousas
e xa en adiante non quere descoido nos seus actos.

E ao sétimo ten o xuízo e a fala mellores, o mesmo
que ao oitavo, e suman os dous catorce anos.


E ao noveno, quédalle poder; con todo, é máis débil,
mirando ao perfecto valor, en lingua e prudencia.

E ao décimo, se alguén o acada e chega ata o límite,
non ha vir antes de tempo a buscalo a morte.


ARQUÍLOCO

Cun vaso, anda, vai polos bancos da áxil
nave, saca o tapón dos xerros panzudos,
e vértenos tinto ata chegar ás feces: serenos,

non podemos, nós, facer esta garda.



Un tracio é quen leva, orgulloso, o meu escudo: boteino, sen dubidalo,
xunto a un arbusto, o bo arnés sen reproche,
pero eu salveime. Que me importa, a min, aquel escudo?
boh! hei mercar un que non sexa peor.




Confíate aos deuses en todo: eles, ás veces,
a quen xace no chan escuro, levántano
e líbrano do infortunio; e, en cambio, outras, atacan
e ao máis firme asento fano caer de costas;
séguense males sen conta, e o home anda perdido,

faltándolle o sustento, trastornado o ánimo.



Non quero un xefe altivo nin que ande dando trancos
nin orgulloso cos seus rizados nin raso enriba o labio;
dádeme un que pareza miúdo e patexo,
e que finque o pé, e que sexa de corazón sobrado.



Ninguén de honor nin fama, unha vez morto, goza
entre os seus veciños: en vida preferimos
buscar dos viventes a simpatía; o morto
o peor de todo, sempre e en todas partes, sofre.

SEMÓNIDES

Un deus fixo as mulleres diferentes desde un principio. A unha sacouna da hispida porca, e na súa casa anda todo a rolos polo chan, revoltos e zumegando porcalladas; pero ela, sucia e coa roupa sucia, apousentada no lixo, engorda.

Outra, a quen un deus formou da maligna raposa, todo o sabe. Nada malo se lle escapa e tampouco nada bo; pois sempre está a dicir que algo é malo ou que, ao contrario, é bo; a cada momento se nos presenta dun humor distinto.

Outra sae á cadela, espelida como esta, fiel estampa da súa nai,

que quere oílo todo e informarse, e axexando métese en todas partes, e mesmo sen ver a ninguén, a ese ládralle.

Non a para o marido, que ameace ou que a pedradas, furioso, o dente lle quebre ou que lle fale con cariño; mesmo sentada con estraños, segue empeñada en ladrar inutilmente.

A outra modelárona os olímpicos con barro, e saíu torpe, e aos homes déronllela tal cal. Non sabe nada, nin bo nin malo, esa muller; non entende máis que de cravar o dente, de labores. E se o inverno aperta, pasa frío, non acertando a achegar o seu asento ao lume.

Outra é do mar e ten dúas maneiras. Ri contenta un día, e o estraño

que a vexa na casa, fará o seu eloxio
dicindo: “Non se veu outra mellor
mellor nin máis amable no mundo”.
E ao outro, non soporta que a miren
nin que lle anden preto: enfurécese,
túzara como unha cadela con cachorros,
e é áspera con todos, e desgusta
igual aos amigos e aos inimigos;
como o mar, que unhas veces está en calma
e propicio, no verán, e outras se enfurece
e se levanta en ondas resoantes.
Si, é ao mar a quen máis se lle parece
esa muller, na súa índole inestable.

Outra é un asno vareado e gris
que apenas pola forza e con insultos
consente en algo ao fin, e a quen lle doe
facer un bo traballo; mentres tanto,

come toda a noite dentro do cuarto
e todo o día, e mesmo ante o fogar.
Para facer o amor, de todos modos,
calquera pailán que veña lle presta.

E outra, a donicela, é unha especie
mala e ruín, sen nada amable ou fermoso,
nada que satisfaga ou se desexe.

Toleando por iren á cama,
dálle náuseas ao home dispoñible.
ás agachadas prepara a desgraza
dos veciños; e a miúdo come
ofrendas rexeitadas polos deuses.

A outra debeuna parir unha exquisita
egua de longas crinas, pois non quere
facer de criada nin matarse niso,
e non lle dá ao muíño nin levanta
a peneira nin bota fóra o lixo,

e como a feluxe podería
tisnala, non senta onda o forno;
e é pola forza se ao fin conquista un home.
Quítase a roña dúas veces ao día,
e ás veces tres, e únxese con esencias;
e sempre leva o pelo ben peiteado,
longo, e con lindas flores que o adornan.
Fermosa é de ver unha femia así, polo menos
para o outro, aínda que non para o seu dono,
de non se tratar dun tirano ou dun rei,
a quen tales seres lles divirten.
Outra sae á mona: é a peor
calamidade que Zeus envía ao home.
É moi fea de cara, e cando cruza
a vila, a todo o mundo lle dá a risa;
de tan anana, apenas adianta,
e anda, de tan delgada, sen traseiro.

Pobre do home que teña que a abrazar!
Sabe todos os trucos e ademáns,
como unha mona. Que importa que rían!
Non quere facer o ben: moi ao contrario,
todo o día examina e considera
como lle facer á xente o maior dano.

E outra da abella, feliz o que a teña!
única a quen non lle vai reproche ningún,
ela estira e aumenta a nosa vida.
E, amada ao carón do marido amante,
envellece coidando dos fillos.
Distínguese entre todas as mulleres
e rodéaa unha divina graza.
E non quere sentar coas outras
para contárense contos de sexo.
Das mulleres que dá Zeus ao home,
estas son as máis boas e prudentes.

e todas as demais, porque el o quixo,
son un horror, e hano de seguir sendo.

Pois a cousa máis mala que Zeus fixo
é a muller. Pensamos que nos serve,
e é o máis malo para o que a ten.

Pois non pasa tranquilo un día enteiro
o que vive casado con muller,
nin lle é tan doado botar da casa
a fame, hóspede cruel, deus implacable.

E cando o home pensa que é máis propio
que estea contento na casa, pois os deuses
lle dan favor e a todos lles é grato,
sae ela armando guerra a reprendelo.

Onde hai mulleres, non se recibe a gusto
na familia a un hóspede de pasada.

E a que ten un aire máis discreto
é a que a fin de contas máis ofende:

embóbaselles o marido, e os veciños
gozan ao veren que falla tamén ese.

Todos han loar a muller propia,
se falan dela, e han execrar a allea;
e, con todo, cómpre recoñecelo,
de todos é idéntica a sorte.

É a cousa máis mala que Zeus fixo,
e é un nó nos pés que ninguén solta,
desde que o Hades recibira a aqueles
que por unha muller se fixeron a guerra.

[.....]


SIMÓNIDES

Sendo humano, nunca digas

o que vai pasar mañá;
nin se ves feliz a un home,

canto tempo lle ha durar.

Non é máis rápida a escordadura
da mosca de á longa
que o mudar dos mortais.



Dos que nas Termópilas caeron
gloriosa é a fortuna
e nobre é o destino,
e é un altar a tumba,
e en vez de pranto teñen o recordo
a e loanza por lamento; e nunca
ha desaparecer esta sepultura polo balor,
nin polo tempo, que todo o doma.
Este recinto de homes valentes ao honor de Grecia
serve de habitación; como testemuña,

o rei de Esparta, Leónidas, quen deixa
en herdanza un portento de heroísmo
e gloria eterna.

SAFO


Parécame igual aos deuses o home
que está sentado diante de ti, e tan de preto
che escoita absorto falarlle con dozura
e rir con amor.

Iso, non minto, sobresáltame
dentro do peito o corazón; pois cando
te miro un só instante, xa non podoo
dicir nin unha palabra,

a lingua xéaseme, e un sutil

lume non tarda en recorrer a miña pel,
os meus ollos non ven nada, e o oído
zúmbame, e unha suor

fría cóbreme, e un tremor axítame
todo o corpo, e estou, máis que a herba,
pálida, e sinto que me falta pouco
para ficar morta.



Din que é unha hoste de xinetes
ou unha escuadra de infantés ou unha flota
o máis fermoso da terra, mais eu digo
que o é a persoa amada.

E é moi doado facer que entenda iso
calquera, cando Helena, que era fermosa

máis que humano ningún, abandonou
o seu honorable esposo

e a Troia escapou, cruzando o mar,
e nunca da súa filla se lembrou
nin de seus pais, e é que, do seu grado,
fixo que errase o camiño

a deusa cipria [.....]
[.....]
[.....] e iso agora faime recordar
á miña Anactoria ausente.

Preferiría ver o seu andar amable
e o brillo escintilante da súa cara
que unha chea de carros lidios ou unha hoste
de infantés coas súas armas.

ALCEO


Bebamos xa. A que esperar a hora
das luces? Quédalle un dedo ao día.
Baixa as copas grandes con debuxos,

pois o fillo de Semele e de Zeus
deulles aos homes viño para o esquecemento
da súa tristeza. Verte unha medida

de auga por dúas, completas ata o borde,
de viño; e que unha copa empurre á outra.



Non hai que lle entregar o ánimo á dor:
nada gañamos se nos mortificamos,
Biquis, e o mellor dos remedios
será mandar a por viño e embriagármonos.



Zeus manda choiva, e unha gran tormenta
baixa do ceo, e conxelan as correntes.

Esquece a tormenta: bótalle leña
ao lume, corta, sen taxalo, o viño
doce como o mel, e logo déitate
con coxín mol en cada sen.

ANACREONTE


Veña, trae, rapaz,
a xerra: dun golpe
irá o primeiro grolo;
mais pon ti dez cazos
de auga polos cinco
de viño, que mesmo
celebrando a Dioniso
quero ser modesto.

*

Veña, rematade xa
con ese barullo
e eses berros, déixese
de facerse o escita¹
ao beber o viño:

¹ ou sexa, o bárbaro, por beberen a grandes grolos, moi rapidamente.

tomémolo a sorbos,
entre fermosos himnos.



Outra vez Eros louro

bótame o balón, chamándome
a xogar coa nena
das sandalias:


Pero ela, que é de Lesbos,
as miñas guedellas, que están brancas,
despreza e, coa boca aberta,
atrás doutras anda.



Namoreime de Cleóbulo

e ando tolo por Cleóbulo

e só vexo a Cleóbulo.



Xa teño os sens brancos

e con brillo a cabeza,

xa a xuventude graciosa

marchou, e o dente está vello.

Da doce vida é pouco

o tempo que aínda me queda;

por iso a miúdo choro:


o Tártaro dáme medo.

Pois do Hades o abismo

é terrible, e doloroso

baixar alí, e é seguro

que o que baixa xa non sobe.



Quen queira loitar

que loite: pódese.

Imaxe da páxina 2: O Apolo de Delfos. Medallón dunha *kýlix* ática de fondo branco de atribución insegura (pintor de Pistóxenos, pintor de Berlín ou Onésimo). Datable *circa* -460. Estaba nunha tumba en Delfos, probablemente a dun sacerdote. Está depositada no Museo Arqueolóxico de Delfos, sala XII con nº de inventario: 8140. Fotografía con licenza Creative Commons. Autor: O usuario Fingalo da Wikipedia en alemán (<http://de.wikipedia.org/wiki/Benutzer:Fingalo>). Fotografía tomada de http://commons.wikimedia.org/wiki/Image:Apollo_black_bird_AM_Delphi_8140.jpg?uselang=ca [consulta de 20/11/2010].